

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Número do Dog: **96**

Páxina do Dog: **4.716**

Data da Disposición: **1 de abril de 1997**

Sección: **I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

Organismo: **CONSELLERÍA DE FAMILIA, MULLER E XUVENTUDE**

Rango: **Orde**

Título: **Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.**

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, atribúelle á Administración autonómica competencia para a regulamentación dos centros e servizos, públicos ou privados, con ou sen ánimo de lucro, que presten servizos sociais, establecendo as condicións para a súa apertura e funcionamento, modificación, capacitación do seu persoal e peche.

No exercicio desta competencia, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 143/2007, do 12 de xullo, que regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais e no que se establecen os requisitos xerais que deben cumprir os centros para a súa creación, apertura e posta en funcionamento, remitindo a unha normativa de desenvolvemento a fixación das condicións e requisitos específicos que cada centro debe cumprir, de acordo coa tipoloxía de que se trate e a área de actuación á que se dirixa.

A presente orde ten por obxectivo determina-los requisitos específicos esixibles ós centros dedicados á acollida das mulleres vítimas de malos tratos, co fin de garanti-la calidade na prestación dos seus servizos e unha asistencia axustada ás necesidades e características das súas usuarias.

En virtude do exposto, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente orde ten por obxecto o desenvolvemento do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, que regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, no relativo ós requisitos específicos que deben reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, así como as prestacións mínimas que deben ofertarlles ás usuarias para poder ser autorizado o seu funcionamento.

Artigo 2º.-Concepto e obxectivos.

Son centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, aqueles establecementos destinados a acoller durante un período determinado de tempo ás mulleres e, se é o caso, acompañadas das súas fillas e fillos menores ou incapacitados, que se encontren inmersas nunha problemática grave de malos tratos domésticos, inferidos polo cónxuxe ou persoa coa que manteña análoga relación de afectividade.

A existencia de centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos ten como obxectivo, por unha banda, denunciar publicamente a violencia de que é obxecto en numerosos casos a muller dentro do seo do fogar familiar, concibindo a dita problemática como unha grave lacra social, e por outra dun modo prioritario, atende-las necesidades individuais das afectadas e as súas fillas e fillos menores ou incapacitados.

Para tal fin, os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos darán acollida a aquelas mulleres que se encontren nunha situación de extrema indefensión, permitíndolles que gocen dun tempo e un espazo no que poidan reflexionar sobre a súa situación persoal e as distintas alternativas a esta, promovendo a autonomía persoal e a solidariedade entre as mulleres e, en definitiva, facilitándolle-las ferramentas elementais que lles axuden a reface-la súa vida en condicións de normalidade dentro do seu contorno social.

Artigo 3º.-Tipos.

Os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos poderán ser:

A) Casas de acollida: son aqueles establecementos destinados a darlles aloxamento de forma temporal e con carácter de urxencia ás mulleres e as súas fillas e fillos menores ou incapacitados que sufran unha problemática de malos tratos domésticos. O tempo de permanencia nestes centros non será superior a tres meses, podendo establecerse unha prórroga por un período igual en circunstancias excepcionais.

B) Vivendas tuteladas: son fogares alternativos que darán acollida preferentemente a mulleres procedentes de casas de acollida e que serven de ponte cara a unha normalización da súa situación persoal e familiar. O tempo de permanencia non poderá ser superior a un ano.

Artigo 4º.-Disposición xeral.

Tódolos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos deberán cumprir os requisitos xerais establecidos no artigo 7 do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, así como os específicos que de acordo coa súa tipoloxía se establecen no anexo I desta orde.

Artigo 5º.-De autorizacións e permisos.

1. Para a obtención das autorizacións administrativas para a creación, construción ou modificación substancial dos centros regulados na presente orde, así como os correspondentes permisos de inicio ou cesamento de actividades neles, o titular ou representante legal da entidade de que dependa o centro presentará unha solicitude normalizada segundo os respectivos modelos establecidos nos anexos, II, III e IV da presente orde.

2. As solicitudes tramitaranse conforme os procedementos establecidos nos artigos 13 e seguintes do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, e dirixiranse á Secretaría Xeral da consellería, que tramitará e resolverá os expedientes, todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Para os efectos de emiti-los informes a que se fai referencia nos artigos 17 e 22 do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, os órganos competentes poderán solicitar doutras unidades administrativas informes técnicos específicos da súa competencia.

Disposición adicional

Os libros de rexistro de usuarias e de reclamacións regulados nos apartados c) e d) do artigo 7.1.2. do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, estarán constituídos por follas encadernadas e numeradas.

No libro de rexistro de usuarias deberán constar os seguintes datos: nome e apelidos, data de alta, incidencias, data de baixa e causa, número de prazas ocupadas, número de fillas e fillos, e concello de procedencia.

O libro de reclamacións será dilixenciado pola secretaría xeral unha vez concedido o permiso de actividades do centro, e nas súas follas deberán figura-los apartados necesarios para identifica-la persoa que realiza a reclamación, o centro afectado por ela, e a data e obxecto da reclamación.

Disposición transitoria

Os centros regulados na presente orde que estean en funcionamento deberán adecuarse ós requisitos esixidos no anexo I nos termos e condicións establecidos na disposición transitoria segunda do Decreto 143/2007, do 12 de xullo.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 1997.

Manuela López Besteiro¶Conselleira de Familia, Muller e Xuventude

ANEXO I

Sen prexuízo da normativa de carácter xeral considerada no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, que regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos teranse que adapta-los requisitos que se conteñen no presente anexo:

Primeiro.-**Infraestructura.**

A.-A zona de localización dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos será **céntrica**, ou no caso contrario **ben comunicada** e ben dotada de servizos. En todo caso deberá encontrarse integrada na área de actuación dun centro de saúde dependendo da rede sanitaria pública, así como próximo a unha unidade de ensino público nos niveis de ensino primario e secundario obrigatorio.

B.-O edificio: capacidade.

Para os efectos de logra-lo máximo aproveitamento dos recursos e unha adecuada relación humana entre as mulleres residentes e as súas fillas e fillos e o equipo de traballo dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, establécese unha capacidade máxima destes de 30 prazas.

C.-As dependencias.

C.1.-Espacios privados.

Os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos deberán contar cuns espazos privados destinados a garanti-la privacidade e intimidade necesaria para as usuarias e o contacto coas súas fillas e fillos.

C.2.-Espacios comúns.

Os espazos comúns nos supostos das casas de acollida deberán conter como mínimo: un despacho destinado á dirección-administración, e á utilización por parte do equipo técnico; un comedor colectivo e sala de estar; espazo apto para visitas; espazo apto para a utilización polos menores; zona lavadoiro, prancha, cociña, almacenamento, trasteiro e sanitario acordes co número de prazas de que dispoña a casa.

En canto ás vivendas tuteladas, os requisitos serán os mesmos, coa salvidade de que o despacho destinado á dirección-administración e á utilización polo equipo técnico non será necesario que se encontre situado na mesma vivenda senón que, se é o caso, poderá localizarse nos distintos servizos municipais ou autonómicos que existan na localidade, logo da sinatura do convenio.

D.-Equipamento.

Cada dependencia deberá estar provista de mobiliario adecuado. Os mobles deberán ser cómodos, funcionais e cálidos, debendo proporcionala decoración un ambiente acolledor que evite o efecto de institucionalización.

Segundo.-Medios humanos.

Composición e características dos membros do equipo.

A.-Composición.

Os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, deberán contar cos seguintes medios humanos:

- 1) Directora-coordinadora.
- 2) Persoal auxiliar.
- 3) Persoal administrativo.
- 4) Avogada.
- 5) Psicóloga.
- 6) Traballadora social.

No suposto das **casas de acollida, o persoal sinalado nos apartados 1 e 2 deberá ter unha dedicación exclusiva ó centro**. Pola contra, a dedicación do persoal sinalado nos apartados 3, 4, 5 e 6 poderán ser concertados cos diferentes servizos municipais ou autonómicos que existan na localidade; para tal efecto, estableceranse os convenios de colaboración pertinentes.

En canto ás **vivendas tuteladas, o persoal sinalado no apartado 2 deberá ter unha dedicación exclusiva ó centro**. Pola contra, a dedicación do persoal sinalado nos apartados 1, 3, 4, 5, e 6 poderá ser concertado cos diferentes servizos municipais ou autonómicos que existan na localidade; para tal efecto, estableceranse os convenios de colaboración pertinentes.

B.-Características.

B.1. A directora-coordinadora do centro de acollida deberá ter unha titulación mínima de grao medio preferentemente nas áreas psicolóxica ou social, e o persoal auxiliar deberá contar cunha titulación mínima de graduado escolar ou FP1.

B.2.-Todo o persoal deberá ser seleccionado atendendo a uns criterios de adecuación á tarefa designada, tendo como base as seguintes consideracións xerais:

- Especial sensibilidade cara a problemática da muller en xeral, e os malos tratos domésticos en particular.
- Cualidades para o traballo en equipo.
- Experiencia previa con grupos de mulleres.
- Compromiso ideolóxico orientado á non discriminación sexista.

A ratio de persoal será aquela que permita a existencia dunha auxiliar por cada cinco persoas ingresadas no centro de acollida e unha cando menos, en horario nocturno.

Os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos levarán a cabo procesos de capacitación para o seu persoal, asistindo e participando activamente en congresos, seminarios e xornadas nas que se provexa as traballadoras dun marco teórico-práctico sobre a problemática específica das mulleres vítimas de malos tratos e a forma máis adecuada de logra-la súa normalización e desenvolvemento na sociedade.

C.-Funcións.

Directora-coordinadora:

- Supervisará o traballo dos distintos membros do equipo e velará pola aplicación da lexislación vixente.
- Estará obrigada a respectar e facer respecta-la discreción necesaria para a protección do segredo das mulleres.
- Promoverá e planificará a formación e perfeccionamento do conxunto do persoal da casa.
- Será a responsable da seguridade da casa.
- Será a responsable das relacións públicas cos servizos sociais, profesionais, educativos, sanitarios, etc.
- Velará pola aplicación da lexislación social e laboral.
- Velará para que se cumpra o regulamento interior instituído.
- Levará a cabo a elaboración dunha memoria anual.
- Realizará as xestións con bancos, pagamentos, facturas e secretaría.

Persoal auxiliar:

- Supervisará e organizará a intendencia xeral do centro fomentando a participación e solidariedade.
- Apoiará ás mulleres na comprensión das normas de funcionamento do centro.
- Intervirá como mediadora nos conflitos.

Persoal administrativo:

- Levará a cabo unha tarefa auxiliar da directora-coordinadora en todo o que se refire ós traballos administrativos.

Avogada:

- Asesorará xuridicamente ás mulleres en todos aqueles aspectos civís ou penais derivados das circunstancias que deron lugar ó ingreso no centro de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.
- Interporá perante os tribunais competentes a solicitude de medidas cautelares destinadas a protexe-la integridade física e psíquica das mulleres e as súas fillas e fillos menores ou incapacitados.

-Acompañará ás mulleres en todas aquelas xestións ou comparecencias que fosen necesarias perante os tribunais de Xustiza.

Psicóloga:

-Realizaralles entrevistas de apoio e atención psicolóxica ás mulleres e ás súas fillas e fillos acollidos no centro.

-Psicoterapias breves.

-Psicoterapia familiar.

Traballadora social:

-Informará, orientará e asesorará ás mulleres en canto os recursos e servizos sociais existentes na comunidade.

-Establecerá relacións con organismos públicos, entidades, asociacións, etc., que coa súa intervención poidan axudar as mulleres acollidas.

-Xestionará o ingreso das fillas e fillos menores das mulleres nos centros públicos de ensino, garderías, etc.

-Xestionará os trámites necesarios para a prestación da asistencia sanitaria, obtención de duplicados da cartilla da Seguridade Social se é o caso, etc., das mulleres acollidas.

Terceiro.-Canles de acceso.

As canles de acceso para o ingreso nos centros de acollida de mulleres para mulleres vítimas de malos tratos poderán ser:

-Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e delegacións provinciais da Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

-Centros de información da muller existentes na Comunidade Autónoma.

-Servizos sociais das distintas entidades municipais.

-Servizos de urxencia da rede sanitaria.

-Xulgados de garda.

-Dependencias da Policía Nacional, Municipal e Garda Civil.

-Outros centros de acollida. Para tal efecto, levaranse a cabo convenios de colaboración entre os distintos centros de acollida da Comunidade Autónoma e con outros fóra da comunidade, destinados a resolver aqueles supostos nos que dada a súa gravidade fixesen preciso o traslado da muller e as súas fillas e fillos a outra localidade distinta daquela na que reside.

-Excepcionalmente e en supostos de urxencia, permitirase o acceso directo das mulleres ós centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos durante un período de 72 horas, previo á valoración para o seu ingreso definitivo, que realice o equipo do centro de acollida.

Cuarto.-Requisitos para a admisión.

-Identificación.

-Acreditación de situación real de malos tratos domésticos.

-Non padecer enfermidades mentais graves.

-Non padecer nese momento ningún tipo de drogadicción.

-Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa.

Quinto.-Prestacións.

Os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos prestaranlles ás usuarias e persoas dependentes con elas acollidas unha intervención integral na que se salienta:

-Aloxamento, refuxio, protección e manutención.

-Información e asesoramento xurídico, social, laboral e apoio psicolóxico.

-Atención ás necesidades educativas, sociais, de saúde e de integración que se precisen.

Sexto.-Regulamento interno.

Os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos deberán contar cun Regulamento de réxime interno no que se establezan as normas de convivencia, dereitos e obrigas das usuarias e persoas dependentes, así como os mecanismos de participación.